

Área: Administración

Circular nº 11 - Temp. 23/24

ACTUALIZACIÓN DOCUMENTACIÓN PLATAFORMA MISQUAD TEMPADA 2023/24

Lembramos a importancia de ter actualizada en todo momento a seguinte documentación na plataforma Misquad:

- **XUNTA DIRECTIVA E DATOS DE CONTACTO CLUB.** Deberán actualizarse os documentos relativos á xunta directiva e os datos de contacto do club sempre e cando se produzan cambios.
- **FOTOGRAFÍAS LICENZAS.** Por favor, pregamos que as fotografías de xogadores/as e staff se atopen actualizadas; recomendamos que a poder ser sexan coa equipación do club e sobre un fondo doutra cor diferente á camisola; poden realizarse cun teléfono móbil; pero é importante que as fotografías reúnan estes requisitos para facilitar labores de control e promoción, tanto de club coma de federación.
- **CERTIFICADO NEGATIVO DE DELITOS SEXUAIS.** A Federación Galega de Balonmán non pode esixir a actualización do “Certificado negativo de delitos sexuais” xa que a Lei Orgánica 1/1996, de Protección Xurídica do Menor, modificada pola Lei 26/2015 e 45/2015; non establece caducidade oficial para este documento; aínda así dende a Federación Galega de Balonmán recomendamos que na medida do posible, dende o club se solicite a actualización deste certificado cada tempada; para actualizalo na área privada de Isquad deberá requirirse o permiso previamente enviando un e-mail a administracion@fgbalonman.com ou chamando á federación.

En Vigo a 1 de agosto de 2023

